

O liberalismo político de Locke

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Histórica

O auxe da burguesía e o desenvolvemento económico das illas británicas, forzan unha evolución da monarquía absoluta ao parlamentarismo moito antes que no continente. A revolución operada nas illas precisaba urxentement e unha ideoloxía que lle permita avanzar: o liberalismo. A finais do século XVII, o parlamentarismo británico (Revolución Gloriosa de 1688) instaura unha monarquía constitucional que proclama unha *Declaración de Dereitos* (1689) onde se declara: as liberdades individuais, a tolerancia relixiosa, a división de poderes, a liberdade de imprenta e a libre elección de parlamentarios. Paulatinamente Inglaterra vai desenvolvendo os valores da ideoloxía liberal que consolidan o capitalismo no seno dunha sociedade que se industrializa rapidamente e divídese en dúas clases sociais: unha que se enriquece rapidamente e outra que se empobrece á mesma velocidade. A Revolución Industrial converte a Inglaterra na primeira potencia da nova europea liberal.

1.2. Cultural e filosófica

Debemos encadrar a Locke entre o empirismo e a Ilustración. Entendemos por ilustración o movemento cultural, ideolóxico e político que se estende por toda Europa durante os séculos XVII e XVIII e que culmina na Revolución Francesa. O empirismo, por contra, é exclusivamente británico. Dende a Idade Media podemos diferenciar dúas tendencias filosóficas: unha continental con querenza á metafísica e á especulación abstracta, e outra británica, con propensión a rexeitar a metafísica e a basearse nos elementos concretos, contrastables e particulares. Dende finais da Idade Media a Universidade de Oxford xogará un papel destacado desta tendencia empírica e rivalizará coa de París como polo do coñecemento europeo. Na corrente británica destaca o nominalismo de Ockham (1285-1347) e o empirismo de Francis Bacon (1561-1626). A Revolución Científica, que comeza no continente con Copérnico, Galileo ou Kepler, culminará nas illas británicas con Isaac Newton.

Na liña empirista británica enmárcanse figuras como: Hobbes, Locke, Berkeley e Hume. Estes pensadores constitúen unha forte alternativa filosófica no campo epistemolóxico, ao racionalismo imperante no continente de orixe cartesiana e establecen un novo modelo de coñecemento. (*Principais diferenzas entre racionalismo e empirismo: Ver tema Descartes*).

1.3. Contexto vital e produción filosófica de Locke

Locke (1632-1704) naceu en Bristol (Inglaterra) e estudou filosofía escolástica na Universidade de Oxford onde se licenciou en Medicina e onde exercerá como profesor toda a súa vida, alternando isto coa actividade política. Trasládouse a Francia onde mostrou interese pola filosofía de Descartes. En 1680 regresa a Inglaterra onde foi acusado dun escuro suceso de intrigas, xunto con o conde de Shaftesbury, contra o futuro rei Carlos II, sendo obrigado a abandonar o país. Dende ese momento viaxa por Holanda, Francia e Alemaña, regresando finalmente a Inglaterra onde morre en 1704.

Os seus principais traballos son:

- *Ensaio sobre o goberno civil* (1690): aborda os conceptos fundamentais da súa filosofía política: presenta o estado de natureza e o paso ao estado de sociedade (a base do **Contractualismo**).

- . *Ensaio sobre o entendemento humano* (1690).

. Dous tratados sobre o goberno (1680-1690).

2. PENSAMENTO POLÍTICO DE LOCKE

2.1. O estado de natureza

Locke, como Hobbes, forman parte dos pensadores políticos chamados **contractualistas**, pero o seu pensamento é totalmente oposto. Ámbolos dous comparten a idea dun Estado froito dun pacto voluntario (**contrato social**) e a idea dun **estado de natureza** previo ahistórico, que era un pensamento común nos escritores políticos dos séculos XVII e XVIII. Pero mentras Hobbes representa o pensamento político absolutistas, Locke é o representante do liberalismo. Hobbes definía o estado de natureza como unha *guerra de todos contra todos* (*bellum omnium contra omnes*) na que o individuo é malo por natureza, é “un lobo para se mesmo”. Neste estado o individuo vive en constante perigo e teme pola propia vida. Neste estado non hai normas e impera só a lei do máis forte.

Locke admite o estado de guerra pero non o relaciona só co estado de natureza (pode haber guerra tanto no estado de natureza como no contrato). O individuo non é malo e, polo tanto, ese estado previo ao contrato, non é a guerra total. Certo é que pode haber enfrontamentos (isto ocorre cando un individuo quere anular a liberdade do outro ou os seus dereitos) pero non son exclusivo do estado de natureza. Locke define o estado da natureza deste xeito: “*A convivencia dos homes segundo a razón sen un superior común na terra con autoridade para xulgar entre eles*”. No seu estado natural, o home, non é un lobo para os outros homes; é un estado baseado na lei, na razón e na igualdade. Os homes, como seres racionais que son, xa tiñan dereitos naturais inalienables previos ao contrato, son os dereitos da **lei natural**, que Locke deixa en tres: dereito á vida, a liberdade e a propiedade privada. Os individuos, no estado de natureza, eran libres e gozaban do froito do seu traballo. O estado natural é un estado de liberdade e igualdade. Un estado onde os homes racionais está limitados pola lei natural (non poden facer o que queiran) pero carecen dunha autoridade que poida garantir que a lei se cumpla.

Para comprender correctamente o poder político e deducilo da súa orixe, debemos considerar o estado no que se atopan todos os homes de forma natural, como un estado de perfecta liberdade onde poden ordenar os seus actos e dispor das súas posesións como consideren convenientes, dentro dos límites da lei da natureza, sen pedir permiso nin depender da vontade de calquera outro home.

No seu estado natural Locke parte de dous principios ficticios, que son a base do seu pensamento: a **igualdade natural** da que gozan os homes (que inclúe igualdade de oportunidades) e a **liberdade** (que non é sinónimo de caos e barbarie) porque o estado da natureza ten unha **lei da natureza** para rexelo, que obriga a todos: esa lei ensina a todos os homes que, sendo todos iguais e independentes, ninguén debe facer dano a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións.

Pero que pasa se algún home non cumpre esa lei? Como nun estado natural cada individuo é independente, non hai ninguén por riba de ninguén, **cada un é xuíz**, e ten dereito a facer cumprir a lei da natureza; o home ten o dereito e o poder de castigar para reparar e frear as accións dun criminal feitas sobre el. Por iso escribe: “*todo home ten dereito a castigar ao delincuente e ser executor da lei da natureza*”. Ademais, Locke considera que quen se desvía da lei e da regra correcta convértese nunha “*criatura nociva*” e declárase en guerra contra a humanidade, contra a comunidade de homes racionais e pode ser destruído como unha besta salvaxe.

Este estado de natureza é superado co xurdimento da **sociedade política**, que é a nova estrutura social onde os individuos ceden voluntaria, temporal e con condicións, o seu poder a unha forza maior (o Estado) e renuncian ao dereito natural de autodefenderse e castigar.

2.2. A propiedade privada e o traballo dentro da lei natural

Locke era consciente da relación entre propiedade privada e poder. Consideraba cidadán aquel que tivera propiedade e estaba en contra de conferir dereitos políticos aos que non as tiñan. Locke xustifica a existencia da propiedade privada e establécena como un dereito natural que **emana de Deus** como creador/propietario dos seres humanos; isto implica que, cada ser humano é propietario lexítimo dos **froitos do seu traballo**. A existencia do Estado non é a orixe da propiedade privada, esta xa existía e estaba lexitimada pola lei natural; o Estado só a recoñece e a protexe. Establécese, pois, un feito significativo: **a propiedade privada é anterior ao Estado**. Isto é moi importante porque significa que ningunha lei positiva poderá atentar contra a propiedade privada. A burguesía crea o relato da propiedade privada como algo inherente ao SH.

A primeira propiedade do home é a súa propia persoa, ninguén ten dereito sobre se mesmo agás el. Segundo isto, o que se xere a través do traballo do seu corpo, é seu. En todo o que “toma” da natureza, a través do seu traballo, estalle engadindo algo que é seu (o seu esforzo) e, deste xeito, faino da súa propiedade e queda eliminado do estado común no que a natureza o colocou orixinariamente; exclúeo do dereito común doutros homes. Así, a terra produce froitos silvestres se o traballo do home non intervén e, como tal, eses froitos son de todos. Pero quen fai uso do seu tempo e traballo nunha terra ten dereito a gozar dos froitos dese traballo; eses son só seus e ninguén lles pode arrebatarse. Tanta terra como un home poda cultivar, plantar, mellorar e cuxo produto pode consumir, convértese na súa propiedade.

Isto terá implicacións moi importantes na política do seu tempo e para a posteridade: o traballo é a orixe da propiedade privada, polo que quedaba xustificada que o imperio británico exercera o dominio sobre o continente americano, onde había “terra sen traballo”; os colonos británicos apropiáronse das terras ás que chegaban. A súa colonización resultaba ser un “acto civilizador”. É obvio que moi pronto os homes levaron a termo unha posesión desproporcionada e desigual da terra descubrinto que ao apropiarse de mais terra da que podían traballar e mais produto do que podían consumir, producíase o **excedente**, e o excedente transformábase en cartos (capital) a través do comercio. O dereito natural á propiedade privada, permitirá crear no estado de natureza as condicións para a acumulación de riqueza e xustifica a existencia de unha clase traballadora (a que precisa o home que acumulou mais terra da que pode traballar cas súas mans); o que precisaban agora era que o Estado garantírallo legalmente; por eso prodúcese o pacto.

Locke senta así as bases para a acumulación capitalista, transformando o sentido orixinal da propiedade e do traballo; xa que desde o punto de vista premoderno, tiñan funcións e obrigacións sociais, en cambio o propietario de Locke, non ten obriga social ningunha, pode acumular ata o infinito sen producir ningunha mellora social.

2.3. O contrato social e a sociedade civil

Se o SH non é malo por natureza e o estado de natureza non é un estado de guerra total, por que o individuo firma voluntariamente o pacto do contrato? Locke sinala tres inconvenientes no estado da natureza que levan ao SH á formación dunha sociedade política:

- Falta dunha lei fixa aceptada por consentimento
- Falta dunha autoridade ou xuíz común para resolver as diferenzas

- Falta dun poder para apoiar e soste a sentenza cando é xusta e se deba cumprir

Os inconvenientes aos que se viron expostos debido ao exercicio irregular e incerto do poder que cada home ten para castigar as transgresións doutros, fai que busquen refuxio segundo as leis establecidas polo goberno e busquen alí a preservación das súas propiedades. Isto é o que fai que cada un abandone voluntariamente o seu dereito de castigo individual, e o ceda á institución designada para elo que exercerá o seu poder dentro das normas que a comunidade estableza e autorice para este fin. E nisto temos a semente dos **poderes lexislativo, executivo e xudicial**.

Así a liberdade do home transfórmase: da **liberdade natural** de estar libre de calquera poder superior, de non estar baixo a vontade ou autoridade lexislativa de ningún outro home e ter só a lei da natureza para gobernarse a si mesmo; á **liberdade na sociedade** que consiste en non estar baixo outro poder lexislativo agás o establecido por consentimento da nación; nin baixo o dominio de ningunha vontade ou restrición de ningunha lei, agás a que ese poder lexislativo decreta segundo a facultade que se lle outorgou.

A diferenza con Hobbes faise evidente: mentres este pensaba que calquera estado político como a monarquía absoluta era preferible á anarquía da condición natural do home, Locke rechaza o absolutismo. Os obxectivos do contrato social son o benestar, a paz e o desfrute seguro da propiedade. O contrato social non é un acto dunha vez por todas, *"senón un pacto continuo entre o pobo e o soberano que tense que restaurar continuamente"*, se o gobernante vai en contra do pacto e tiraniza á xente, o pobo ten dereito a rachar o pacto.

2.4. A distribución de poderes

A separación de poderes permite preservar a liberdade e organizar o sistema político. Locke elabora a teoría dos tres poderes que máis tarde Montesquieu perfeccionará e fará súa. Os tres poderes son:

. **lexislativo**: teno a sociedade exercido a través do Parlamento; o seu deber é salvagardar os dereitos naturais a través da potestade de legislar (facer leis). Estas leis son **leis positivas** en contraposición á **lei natural**.

, **executivo ou federativo**: asumidos polo Estado ou o rei. O poder executivo está destinado a cumprir a lei positiva establecida mentres que o poder federativo está dirixido ás relacións internacionais (xestión da seguridade e o interese público no exterior).

O **poder xudicial** non aparece en Locke que o deixa subordinado ao poder executivo.

2.5. Os límites do estado

O papel do Estado está limitado en Locke, polos fins establecidos: a salvagarda dos dereitos naturais dos individuos. O poder político susténtase na confianza do individuo no Estado, polo que este podería disolverse se non servise os fins para os que foi establecido. Por tanto o contrato social é **revocable** en Locke a diferenza de Hobbes que non tiña volta atrás. Cando pode e debe ser revocado este poder?

- 1) cando a lexislatura está "alterada", é dicir, cando o gobernante impide a función do poder lexislativo ou modifica arbitrariamente o sistema electoral para fins executivos;
- 2) Cando o poder executivo descoide e abandone a execución das leis;
- 3) cando o gobernante ou o lexislador "actúan en contra do seu mandato", como cando adquiren un poder arbitrario sobre a vida, a liberdade e a propiedade dos individuos.

Nestes casos, a sociedade ten dereito a alzarse contra o Estado, derrocalo e recupera a liberdade Non só pode facelo senón que ten a obriga de facelo. A disolución do goberno, a diferenza da tese de Hobbes, non implica a disolución da sociedade civil. Locke xustifica a rebelión, pero só despois dunha longa lista de abusos e non poucas xestións.

2.6. Tolerancia, Estado e relixión

Na obra Carta sobre a tolerancia (1689) acredita a separación entre relixión e goberno civil. As funcións do Estado, que son preservar e promover a sociedade civil, polo tanto, o Estado debe velar pola propiedade civil. Pero en ningún caso debe impoñer unha crenza relixiosa, senón deixar que os individuos elixan libremente (excepto se a relixión vai contra a propiedade civil).

3. REPERCUSIÓN DO PENSAMENTO POLÍTICO DE LOCKE

O pensamento de Locke inflúe na Revolución francesa a través dos escritos de Rousseau e na Revolución Americana mediado por Thomas Paine. En canto á influencia teórica, Locke inflúe en Diderot, Rousseau e Kant (a través dos seus pensamentos liberais e na concepción da liberdade). Pero a influencia máis directa estivo en Montesquieu na súa defensa da división de poderes.

O certo é que as ideas de Locke forman hoxe parte do sentido moral moderno, que ten entre as súas bases a idea de liberdades individuais, fundamentais e inalienables. As súas ideas de dereito natural continúan cando defendemos os dereitos en virtude de ser seres humanos. Pensamos en nós mesmos como suxeitos de dereitos inalienables, incluída a vida e a liberdade. Polo tanto podemos dicir que esa importancia do individuo é semente dos dereitos universais do SH.

Pero Locke tamén inaugura a visión moderna e liberal do Estado como un pacto voluntario e non necesario no que o individuo sempre está por diante do estado, afastándose así, da visión clásica do Estado como algo natural e orgánico do que o individuo forma parte (Aristóteles, Spinoza ou Hegel). A nova visión do Estado forma parte do relato da modernidade e xustifica filosoficamente o capitalismo.